

A patria galega como ser mitolóxico



O 1 de Outubro de 2017 supuxo un antes e un despois na política do estado español. Para a estrutura que o sostén (xudicatura, forzas represivas, partidarios da Constitución...) interpretouse como un pistoletazo de saída para dar un paso á fronte á represión, á propaganda, á censura e, en definitiva, á máxima expresión dese xerme do fascismo agochado desde 1978 polo aparello estatal. Como contrapartida, este fascismo foi respondido con solidariedade internacionalista obreira, que saíu á rúa masivamente e foi a continuación apagada polo oportunismo esquerdista.

Por outra banda, o referéndum catalán supuxo unha esperanza para aquelas correntes nacionalistas que buscan lexitimamente, pois se lles foi negado, o dereito a unha identidade nacional independente ao Estado Español. Esta esperanza, en Galiza, a podemos ver exacerbada nos distintos partidos políticos de índole nacionalista. A mesma Ana Pontón, presidenta do Bloque Nacionalista Galego (BNG), sinalaba o seguinte no 17 de novembro de 2018:

“O nacionalismo galego é moito máis que unha organización política, é un movemento social, transformador, de progreso e modernidade.”

Do mesmo xeito, recollemos a seguinte parte dun comunicado de Movemento Galego ao Socialismo (MGS), unha das organizacións que compón ao BNG:

“(…) Para avanzar nese camiño, seguimos a acreditar na necesaria unidade de todas aquelas organizacións e persoas que asuman un proxecto de liberación nacional e social para o noso pobo, e que neste momento asuma a centralidade da loita pola República Galega como horizonte en base ao que acumular forzas en todos os ámbitos. (...)”.

Asemade, nomeamos tamén parte do comunicado sobre este 24 de xullo de Briga, organización xuvenil independentista á marxe dos distintos partidos incluídos no BNG:

"(...) A dia de hoje, para a nossa organização, o fortalecimento e melhora da MPI (Mocidade Pola Independencia) constitui um dos primeiros passos a dar no concreto: caminhar cara a umha estrutura juvenil independentista unitária consolidada, facilitar a ruptura com velhas dinâmicas ajudando a superar a atomização e limitações (em grande medida provenientes da subjetividade) do movimento e as suas consequências, abrindo portas de diálogo, contacto, trabalho e debate. (...)".

Todas estas organizacións, autodenominadas "de esquerdas" (inclusive "socialistas" no caso de Briga e "marxistas-leninistas" no caso de MGS), deberían ter a decencia de non enganar aos seus militantes de base nin aos seus simpatizantes, pois nin o nacionalismo pertence á clase obreira, nin unha autodeterminación que debilite ao imperialismo é posible no actual contexto mundial.

Como quixemos indicar nos primeiros parágrafos, o movemento nacionalista catalán representa o máximo expoñente do independentismo no Estado Español hoxe en día. Vexamos, entón, que declaracións realiza Carlos Riera, portavoz parlamentario da Candidatura d'Unitat Popular (CUP), a rama esquerdista do devandito movemento, ante a posibilidade da independencia da súa nación:

"Antes hablaba en términos gramscianos de desplazamiento de la hegemonía. Ahora, de guerra de posiciones con el Estado: tienes que ir ganando el territorio político de forma material y real. Nuestra acción, su represión; nuestra desobediencia, su imposición. Quiere decir que a veces daremos un paso adelante, dos atrás, tres adelante... Hasta consolidar la República y conseguir finalmente la legitimidad internacional."

É dicir, que a CUP, como bo partido oportunista, sabe que a independencia precisará do recoñecemento internacional. Noutras palabras, precisan do imperialismo ao que tanto lle mostran os dentes e nunca morden.

A mostra de partidos nacionalistas galegos que citamos no comezo (os cales cabe destacar que non lle fan ascós á política da CUP) no seu folclore nacionalista citan momentos históricos de liberación nacional como os de Cuba, Vietnam, Burkina Faso... facendo un chamamento á unidade do pobo cara á autodeterminación e á independencia. Deixando a un lado as diferenzas puntuais existentes entre as diferentes organizacións citadas, desde logo o que chama a atención é que esquezan (ou que queiran esquecer) que nese período histórico o bloque socialista seguía en pé e proporcionaba unha axuda fundamental á liberación nacional dos países nomeados anteriormente.

Por tanto, na actualidade, sen a Unión Soviética e demais países socialistas do este, presentar a independencia, tanto a través da loita como a través das institucións, como algo factible (e máis aínda, como algo progresista, rupturista ou leninista) ten dous motivos: idealismo e oportunismo.

Nesta carreira cara o abismo, o nacionalismo galego (e o resto de nacionalismos da periferia española) cando son descubertos como o que son, un movemento reaccionario que só busca a confusión do proletariado, protéxense cun escudo de falacia de falso dilema: se estás en contra do noso nacionalismo, iso te converte en “españolista” e “constitucionalista”. Desde logo, quen fale tales mentiras sobre o PCOE, nin coñece a súa historia nin está sendo honesto no seu discurso, pois nós nunca aceptamos o réxime do 78 e apoiamos e seguiremos apoiando o dereito á autodeterminación das nacións do Estado Español (así o avala a nosa praxe), pero isto non nos separa da realidade científica actual: só a construción do socialismo liberará aos pobos.

Para acadar o socialismo no Estado Español, nós non chamamos á unidade en abstracto por medo a comprometer futuros pactos electorais nos municipios galegos, se non que a nosa liña é clara: a unión dos traballadores na Fronte Única do Pobo, dirixida polo Partido dos proletarios: o Partido Comunista Obrero Español.

Sen socialismo non haberá paz para o obreiro!
Pola Fronte Única do Pobo!
Contra o oportunismo, marxismo-leninismo!
Secretaría política do PCOE en Galiza

La patria gallega como ser mitológico

El 1 de octubre de 2017 supuso un antes y un después en la política del estado español. Para la estructura que lo sostiene (judicatura, fuerzas represivas, partidarios de la Constitución...) se interpretó como un pistoletazo de salida para dar un paso al frente a la represión, a la propaganda, a la censura y, en definitiva, a la máxima expresión de ese germen del fascismo escondido desde 1978 por el aparato estatal. Como contrapartida, este fascismo fue respondido con solidaridad internacionalista obrera, que salió a la calle masivamente y fue a continuación apagada por el oportunismo izquierdista.

Por otro lado, el referéndum catalán supuso una esperanza para aquellas corrientes nacionalistas que buscan legítimamente, pues se les fue negado, el derecho a una identidad nacional independiente al Estado Español. Esta esperanza, en Galicia, la podemos ver exacerbada en los distintos partidos políticos de índole nacionalista. La misma Ana Pontón, presidenta del Bloque Nacionalista Galego (BNG), señalaba lo siguiente el 17 de noviembre de 2018:

“El nacionalismo gallego es mucho más que una organización política. Es un movimiento social, transformador, de progreso y de modernidad.”

De la misma forma, recogemos la siguiente parte de un comunicado de Movemento Galego ao Socialismo (MGS), una de las organizaciones que compone al BNG:

“(...) Para avanzar por ese camino, seguimos a creer en la necesaria unidad de

todas aquellas organizaciones y personas que asuman un proyecto de liberación nacional y social para nuestro pueblo, y que en este momento asuma la centralidad de la lucha por la República Gallega como horizonte en base al que acumular fuerzas en todos los ámbitos. (...)”.

Asimismo, citamos también parte del comunicado sobre este 24 de julio de Briga, organización juvenil independentista al margen de los distintos partidos incluidos en el BNG:

“(...) A día de hoy, para nuestra organización, el fortalecimiento de mejora de la MPI (Juventud por la independencia) constituye uno de los primeros pasos a dar en lo concreto: caminar hacia una estructura juvenil independentista unitaria consolidada, facilitar la ruptura con viejas dinámicas ayudando a superar la atomización y limitaciones (en gran medida provenientes de la subjetividad) del movimiento y sus consecuencias, abriendo puertas de diálogo, contacto, trabajo y debate. (...)”.

Todas estas organizaciones, autodenominadas “de izquierdas” (inclusive “socialistas” en el caso de Briga y “marxistas-leninistas” en el caso de MGS), deberían tener la decencia de no engañar a sus militantes de base ni a sus simpatizantes, pues ni el nacionalismo pertenece a la clase obrera, ni una autodeterminación que debilite al imperialismo es posible en el actual contexto mundial.

Como quisimos indicar en los primeros párrafos, el movimiento nacionalista catalán representa el máximo exponente del independentismo en el Estado Español hoy en día. Veamos, entonces, qué declaraciones realiza Carlos Riera, portavoz parlamentario de la Candidatura d’Unitat Popular (CUP), la rama izquierdista de dicho movimiento, ante la posibilidad de la independencia de su nación:

“Antes hablaba en términos gramscianos de desplazamiento de la hegemonía. Ahora, de guerra de posiciones con el Estado: tienes que ir ganando el territorio político de forma material y real. Nuestra acción, su represión; nuestra desobediencia, su imposición. Quiere decir que a veces daremos un paso adelante, dos atrás, tres adelante... Hasta consolidar la República y conseguir finalmente la legitimidad internacional.”

Es decir, que la CUP, como buen partido oportunista, sabe que la independencia necesitará del reconocimiento internacional. En otras palabras, necesitan del imperialismo al que tanto le enseñan los dientes y nunca muerden.

La muestra de partidos nacionalistas gallegos que citamos al comienzo (los cuales cabe destacar que no le hacen ascos a la política de la CUP) en su folclore nacionalista citan momentos históricos de liberación nacional como los de Cuba, Vietnam, Burkina Faso... haciendo un llamamiento a la unidad del pueblo hacia la autodeterminación y la independencia. Dejando a un lado las diferencias puntuales existentes entre las diferentes organizaciones citadas, desde luego lo que llama la atención es que olviden (o que quieran olvidar) que en ese período histórico el bloque socialista seguía en pie y proporcionaba una ayuda fundamental a la liberación nacional de los países nombrados anteriormente.

Por tanto, en la actualidad, sin la Unión Soviética y demás países socialistas del este, presentar la independencia, tanto a través de la lucha como a través de las instituciones, como algo factible (y más aún, como algo progresista, rupturista o leninista) tiene dos motivos: idealismo y oportunismo.

En esta carrera hacia el abismo, el nacionalismo gallego (y el resto de nacionalismos de la periferia española) cuando son descubiertos como lo que son, un movimiento reaccionario que sólo busca la confusión del proletariado, se protege con un escudo de falacia de falso dilema: si estás en contra de nuestro nacionalismo, eso te convierte en “españolista” y “constitucionalista”. Desde luego, quien diga tales mentiras sobre el PCOE, ni conoce su historia ni está siendo honesto en su discurso, pues nosotros nunca aceptamos el régimen del 78 y apoyamos y seguiremos apoyando el derecho a la autodeterminación de las naciones del Estado Español (así lo avala nuestra praxis), pero esto no nos separa de la realidad científica actual: sólo la construcción del socialismo liberará a los pueblos.

Para alcanzar el socialismo en el Estado Español, nosotros no llamamos a la unidad en abstracto por miedo a comprometer futuros pactos electorales en los municipios gallegos, si no que nuestra línea es clara: la unión de los trabajadores en el Frente Único del Pueblo, dirigido por el Partido de los proletarios: el Partido Comunista Obrero Español.

¡Sin socialismo no habrá paz para el obrero!
¡Por el Frente Único del Pueblo!
¡Contra el oportunismo, marxismo-leninismo!
Secretaría política del PCOE en Galicia